



Concello de Castrelo de Miño

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO DE UNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

1.- Obxecto:

As presentes bases teñen por obxecto rexi-lo concurso-oposición público convocado para proceder á contratación de 1 capataz e catro peóns, con carácter laboral temporal, para integrar unha brigada de PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA incendios FORESTAIS.

As características específicas do posto de traballo é a seguinte:

- Número de prazas: 5
- Duración: a do Convenio de colaboración coa Consellería de Medio Rural e do Mar para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa.(3 meses).
- Tipo de contrato: Obra ou servizo determinado.
- Xornada Laboral: Completa de 40 horas semanais, de luns a domingo. Segundo o Convenio de colaboración asinado coa Consellería de Medio Rural a brigada terá plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingo, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.
- Retribucións: 1.000 €/mes (ppe incluída) para o capataz
900 €/mes (ppe incluída) para os peóns
- Período de proba, establécese un período de proba de dous (2) meses, dacordo co establecido no art. 14 do Estatuto dos Traballadores.

2.-Funcións: A labor a desenvolver pola brigada consistirá na realización dos seguintes traballos:

- Intervención nos incendios forestais no ámbito municipal, sen prexuízo de que participe nas operacións de extinción e remate de incendios forestais baixo o mando único operativo dependente da consellaría competente en materia forestal cando así se decida polo mando único.
- En materia de prevención realizarán labores encamiñadas a diminuír o risco de propagación, actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa, terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido mediante roza, rareo e eliminación de restos.

3.- Requisitos dos/das aspirantes: Para tomar parte na selección será preciso cumpri-los seguintes requisitos básicos:

- Nacionalidade. Ter a nacionalidade española. Ademais poderán participar no concurso os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxe de españois/as ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes. As mesmas regras aplicaranse, de ser o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, nos que sexan de aplicación a libre circulación de





Concello de Castrelo de Miño

traballadores/as.

- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño dos correspondentes traballos.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa Administración Pública.
- Ter o carné de conducir B.
- Titulacións: Para o posto de capataz estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Enxeñeiro de montes, Enxeñeiro técnico forestal, Técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.

4. Sistema de selección:

1. As solicitudes para participar nas probas selectivas dirixiranse á Alcaldía do Concello de Castrelo de Miño e presentaranse no rexistro xeral do Concello de Castrelo de Miño durante o prazo de CINCO (5) días NATURAIS, contados a partir do día seguinte a aquel en que se publique o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP). Publicaranse as bases íntegras no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica municipal.

As solicitudes formularanse na forma que determina o artigo 60 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou **conforme ó modelo que se acompaña como Anexo I e II** a estas bases.

As solicitudes tamén poderán presentarse nas demais formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de presentarse as solicitudes en lugar distinto do rexistro xeral deste Concello e dado os prazos previstos faise necesario que os/as interesados/as remitan por fax unha copia da instancia ó número 988/493100 dentro do citado prazo de presentación de solicitudes e antes das 15:00 horas o derradeiro día.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas.

Os méritos que aleguen e a documentación xustificativa ha de vir compulsada. As compulsas deberán estar realizadas por notario, secretario/a deste concello ou funcionario/a encargado do rexistro. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias.

Para a xustificación da experiencia profesional, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados, ben sexa a través de contrato de traballo, de certificado ou de calquera outro documento con forza probatoria e no que



Concello de Castrelo de Miño

se perciba claramente a duración do contrato, traballo desempeñado, categoría e a xornada; en caso de xustificarse os servizos prestados con contrato de traballo, deberá achegarse ademais informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

En canto aos servizos prestados en Protección civil mediante certificado do seu responsable e como integrante dun Grupo Local de Pronto Auxilio, mediante certificado do concello de pertenza.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes o Sr. Alcalde ditará resolución pola que declara aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, coas causas que motivaron a exclusión.

A devandita resolución publicarase no taboleiro de edictos do concello do Castrelo de Miño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na devandita páxina web deste Concello, concedéndose un prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación, para poder emendar, de ser o caso, os erros ou defectos que motivaron a exclusión.

Rematado o prazo anterior, o Sr. Alcalde dictara nova resolución pola que aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo, a designación do tribunal do proceso de selección e fixará o lugar e a data do comezo das probas da oposición. Esta resolución publicarase igualmente no taboleiro de anuncios do Concello do Castrelo de Miño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na devandita páxina web.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ós/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos, os cales deberán ser xustificadas documentalmente como se indica nestas bases.

A selección realizarase polo sistema de concurso-oposición conforme as presentes bases.

FASE DE OPOSICIÓN: A fase de oposición consistirá na superación das probas físicas e de aptitude que a continuación se describen. A proba calificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos para pasar á fase de concurso.

A fase de oposición consistirá na superación das seguintes *PROBAS FÍSICAS*.
Puntuación máxima: 5 puntos:

1. Carreira de velocidade. Os aspirantes deberán percorrer unha distancia de 50 metros nun tempo máximo de 11 segundos (homes) e 12 segundos (mulleres). Puntuación máxima: 1 punto.
2. Salto de lonxitude dende a posición de parado. Distancia mínima esixida para homes: 1.50 m; mulleres: 1.40 m. Puntuación máxima: 1 punto.
3. Lanzamento de balón medicinal *peso 3 Kg mulleres, 4 kg homes (ou similar)*. Distancia mínima esixida para homes: 5 m; mulleres: 4 m. Puntuación máxima: 1 punto.
4. Carreira de media distancia: Os aspirantes deberán percorrer unha distancia de 1 km nun máximo de 8 minutos. Puntuación máxima: 1 punto.
5. Carreira de axilidade: Nun traxecto de 50 metros, saltar un banco (non pasar unha perna e logo outra) situado na metade percorrendo 400 metros (ir e vir 4



Concello de Castrelo de Miño

veces) portando un balón medicinal de 4 kg para homes e 3 kg para mulleres nun tempo máximo de 5 minutos. Se o balón se cae, penalizarase con 3 segundos cada vez. Puntuación máxima: 1 punto.

Aqueles aspirantes que non superen os rexistros indicados como mínimos, non puntuarán na proba en cuestión. Superado o mínimo esixido, outorgarase a puntuación máxima ó mellor rexistro, puntuando os demais proporcionalmente.

Así mesmo, deberanse superar as seguintes *PROBAS DE APTITUDE*. Puntuación máxima 5 puntos:

1. *Manexo desbrozadora e apeiros de roza*..... Puntuación máxima: 3
2. *Cuestionario sobre medidas de seguridade* Puntuación máxima: 2

FASE DE CONCURSO.

A valoración dos méritos realizarase do seguinte xeito, sendo a máxima puntuación a obter na fase de concurso 5 PUNTOS que se distribúen do seguinte xeito:

a) Por experiencia Profesional: Puntuación máxima 4 puntos.

· Por servizos prestados nas Administracións públicas en postos de traballos similares e directamente relacionados: 0,2 puntos/mes, ata un máximo de 2,50 puntos. Acreditaranse dacordo co establecido no artigo catro das presentes bases.

· Por servizos prestados na empresa privada en postos de traballos similares: 0,1 puntos/mes, ata un máximo de 1,50 puntos. Acreditaranse de acordo co establecido no artigo catro das presentes bases. Para o caso do exercicio independente da función acreditarase polos medios correspondentes.

· Por servizos prestados en Grupos Locais de Pronto Auxilio ou de Protección Civil de calqueira entidade pública, 0,1 puntos por mes de servizo ata un máximo de 1 pto.

b) Por cursos relacionados co posto a desenvolver. Puntuación máxima 0,70 puntos.

- De 15 a 40 horas de duración: 0,10 puntos.
- De 41 a 70 hora. 0,20 puntos.
- De 71 a 100 horas: 0,30 puntos.
- De 101 a 200 horas: 0,40 puntos.
- De 201 horas endiante: 0.50 punto.

Os cursos con menos de 15 horas ou sen especificar terán unha puntuación de 0,05 puntos.

Só puntuarán os cursos que teñan relación co posto e fosen impartidos polas Administracións Públicas, universidades, Servizo Público de Emprego/INEM, formación ocupacional e outros centros oficiais.

Os cursos cunha antigüidade superior ós 10 anos non puntuarán.

c) Coñecemento do idioma galego. Puntuación máxima: 0.3 puntos.

- Celga1, ou documento equivalente; 0,15.





Concello de Castrelo de Miño

- Celga 2, ou documento equivalente: 0,20
- Celga 3, ou documento equivalente: 0,25.
- Celga 4, ou documento equivalente: 0,30

5.- Tribunal cualificador:

O órgano de selección será colexiado e, como mínimo, constará dun Presidente, dous vogais e un secretario, que serán designados por resolución da Alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. A súa composición axustarase os principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase a paridade entre homes e mulleres.

Deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior a esixida para o acceso a dita praza e non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Poderá dispor a incorporación de asesores especialistas si así o estiman necesario ou axeitado, que actuarán con voz pero sen voto.

Dito tribunal estará facultado para interpretar as presentes bases, así como para resolver todas as dúbidas e problemas que se poidan xurdir.

A Presidencia ou o tribunal poderá dispor a incorporación ós seus traballos dun asesor especialista, con voz e sen voto, cando a natureza ou circunstancias das probas así o aconsellen, limitándose o mencionado asesor a prestar a súa colaboración na súa especialidade técnica.

6.- Criterio de desempate: No caso de que se produza empate entre dous ou máis aspirantes terase en conta como criterio de desempate, á puntuación obtida nas probas de aptitude.

7 . Relación de aprobados, presentación de documentos e formalización do contrato:

Rematado o proceso selectivo o tribunal formulará unha proposta completa do/a aspirante con maior puntuación obtida á Alcaldía ó obxecto de que esta proceda á contratación.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes ó da praza convocada, resultando nulo de pleno dereito tal pronunciamento.

O tribunal poderá suscitar calqueira tipo de dúbidas e adoptar as disposicións precisas para o normal desenvolvemento do proceso ó abeiro da lexislación en cada caso aplicable.

Declararase tamén unha lista de suplentes, por orde de puntuación, os cales poderán ser chamados para ocupar o posto no caso de que sexa necesario.

O Alcalde previamente á formalización do contrato requerirá como requisito esencial para elo que o aspirante aprobado superen un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir así as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. Previo á formalización dos contratos os aspirantes seleccionados deberán realizar obrigatoriamente un curso de formación organizado polo concello de carácter teórico-práctico que versará sobre a prevención e defensa contra incendios forestais.





Concello de Castrelo de Miño

Ata que se formalicen os contratos e se incorporen os traballadores ós postos, éstos non terán dereito á percepción económica algunha.

Acreditado o cumprimento destes requisitos procederá a dictar resolución que será publicada no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e notificarase a tódolos participantes no proceso de selección.

8.- Lista de reserva:

Os candidatos que non acaden a puntuación suficiente quedarán incluídos nunha lista de reserva de tal maneira que, se o concello precisa dalgún/ha traballador destas características para cubrir o posto que quedara vacante como consecuencia de producirse algunha das seguintes circunstancias:

1. baixa por IT, do/a titular (contrato de interinidade)
2. baixa por maternidade da titular máis o permiso por lactación cando se acumule en xornadas completas (contrato de interinidade).
3. vacacións, permisos ou descansos do/a titular (contrato de interinidade).
4. vacante definitiva da praza por renuncia voluntaria do/a traballador/a ou por non superación do período de proba (contrato de servizo determinado).

entón acudirase a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto, o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria.

Así mesmo, pasarase a chamar ó/á seguinte da lista, no suposto de que a persoa seleccionada para o posto non xustifique a documentación requirida ou non superase o recoñecemento médico e a proba de esforzo.

Se fose necesario acudir á bolsa, sendo o concello quen decide esta situación, a modalidade contractual que se empregará para contratar dito persoal para os tres primeiros dos supostos descritos será de interinidade, polo tempo que dure a ausencia do/a traballador/a substituído/a con dereito a reserva do posto de traballo, e para o último dos supostos utilizarase o contrato de servizo determinado, respectándose en todo caso, o establecido no artigo 1 das presentes bases en canto a duración máxima do contrato.

9.- RECURSOS.

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común e na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

ANEXO I

XEFE DE BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS 2017.

APELIDOS _____, NOME _____

DNI _____, TELÉFONO PARTICULAR/MOBIL _____

DOMICILIO ÓS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN _____

EXPOÑO E DECLARO:



Concello de Castrelo de Miño

1º.- Que coñeza e reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- Nacionalidade. Ter a nacionalidade española.
- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño dos correspondentes traballos.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa Administración Pública.
- Ter o carné de conducir B.
- Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Enxeñeiro de montes, Enxeñeiro técnico forestal, Técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.

2º.- Que aporto todos os documentos que se relacionan nas bases:

• Fotocopia compulsada DNI

• Fotocopia compulsada carné de conducir

• Fotocopia compulsada dalgunha das titulacións esixidas.

3º.- Que aporto a documentación xustificativa da fase de concurso:

Experiencia Profesional:

-
-
-

Cursos:

-
-

Coñecemento do idioma galego

-

SOLICITO:



Concello de Castrelo de Miño

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección que coñezo e acepto e autorizo ó Concello de Castrelo de Miño para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) no taboleiro de anuncios do concello ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Castrelo de Miño, a de de

(Asinado)

ANEXO II

PEÓN DE BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS 2017

DATOS PERSOAIS

APELIDOS _____, NOME _____

DNI _____, TELÉFONO PARTICULAR/MOBIL _____

DOMICILIO ÓS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS _____

EXPOÑO E DECLARO:

1º.- Que coñezo e reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- Nacionalidade. Ter a nacionalidade española.
- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño dos correspondentes traballos.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa Administración Pública.

2º.- Que aporto a documentación xustificativa da fase de concurso:

Experiencia Profesional:

-
-
-





Concello de Castrelo de Miño

-

Cursos:

-

-

-

-

Permisos de conducir:

-

Coñecemento do idioma galego

-

SOLICITO:

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección que coñezo e acepto e autorizo ó Concello de Castrelo de Miño para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) no taboleiro de anuncios do concello ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Castrelo de Miño, a de de

(Asinado)

DILIXENCIA: Para facer constar que as presentes bases compostas de nove cláusulas e dous anexos foron aprobadas por decreto de alcaldía de 8 de xuño de 2017.

A secretaria

Ana M.^a Guerra Villamarín

